

ESCAPE ROOM. PRUEBA 3

PROBA TERCEIRA

"Letras e cifras"

Descrición da proba: os alumnos recibirán un sobre cun poema de Gustavo Adolfo Bécquer ao que lle faltan varias palabras e cunha sopa de letras. Haberá que buscar as palabras na sopa eilas poñendo no poema na orde correcta ata rematar o poema. Da sopa e das palabras saíra o dato que o alumnado precisa para atopar a proba final (o título dun libro e o número que falta na proba final plantexada). A proba final será un enigma matemático.

FASES DA PROBA TERCEIRA

I. POEMA DE GUSTAVO ADOLFO BÉCQUER/ SOPA DE LETRAS

<p>Tu pupila es azul, y cuando ríes, su claridad suave me recuerda el trémulo fulgor de la mañana que en el mar se refleja.</p> <p>Tu pupila es azul, y cuando lloras, las transparentes lágrimas en ella se me figuran gotas de rocío sobre una violeta.</p> <p>Tu pupila es azul, y si en su fondo, como un punto de luz irradia una idea, me parece en el cielo de la tarde una perdida estrella.</p> <p>G. A. Bécquer, <i>Rimas</i></p>	<p>Tu pupila es _____, y cuando ríes, su _____ suave me recuerda el trémulo fulgor de la _____ que en el _____ se _____.</p> <p>Tu _____ es azul, y cuando lloras, las transparentes _____ en ella se me figuran _____ de rocío sobre una violeta.</p> <p>Tu pupila es azul, y si en su _____, como un _____ de _____ irradia una _____, me parece en el cielo de la _____ una perdida _____.</p> <p>G. A. Bécquer, <i>Rimas</i></p>
---	--

1. Busca na sopa de letras todas as palabras que faltan no poema.
2. Enche os ocios coas palabras axeitadas que vaias atopando na sopa de maneira que xurda o poema orixinal de Bécquer.
3. Coas letras que sobren na sopa obterás o título dun libro da Biblioteca. Dentro dese libro hai un sobre que contén un enigma matemático.
4. Conta as letras das palabras subliñadas en vermello e súmaas.
5. Obterás así o número que falta no enigma que hai no sobre.

A	Z	U	L	C	D	I	M	A	R
L	C	O	I	L	O	N	A	R	F
L	I	T	M	A	Ñ	A	N	A	O
E	O	N	X	R	E	R	A	J	N
R	P	U	P	I	L	A	G	E	D
T	I	P	I	D	E	A	O	L	O
S	S	D	A	A	L	I	T	F	N
E	T	A	R	D	E	G	A	E	U
L	A	G	R	I	M	A	S	R	A
G	A	L	L	U	Z	E	G	A	A

RESPOSTA:

- A. o título do libro oculto na sopa de letras é **DICIONARIO XERAIS DA LINGUA GALEGA**
- B. o número que falta no enigma e que sale da suma das letras das palabras indicadas é **36**

II. ENIGMA MATEMÁTICO

O ENIGMA DAS TRES IRMÁS

Ía tempo que Pepe non vía ao se vello amigo do insti Serafín Hernández. Alegrouse moito cando o viu pola rúa.

- E en que traballas? –espetoulle.
- Son "profe de mates" –respostou Serafín con toda fachenda.
- Vaites! É verdade que se che daban ben os números. Por certo, a túa irmá comentoume o outro día que casaras e que tiñas tres fillas.
- E sonche as "niñas" dos meus ollos!
- E que idade teñen, ti? Aínda serán noviñas!
- Pois mira: o produto das súas idades da ***????*** e a suma das mesmas é idéntica ao número do edificio no que ti vives.

Pepe mirou ao seu amigo de esguello.

- Home, Serafín! Falta un dato!
- Tes toda a razón... A MIÑA FILLA MAIOR TOCA O PIANO!

As idades das nenas postas de maior a menor forman a combinación do terceiro cadeado.

--	--	--